



Grazas ao acordo alcanzado coa distribuidora cinematográfica de referencia no mercado español *A Contracorriente Films*

R reforza gratuitamente con 100 novos títulos de cine o seu catálogo de vídeo do servizo *rebobina*

- ***Esta incorporación dun volume importante de títulos de cine dirixido a toda a familia únese a outras iniciativas levadas a cabo polo operador galego para aumentar a súa oferta de entretemento desde o fogar durante o estado de alarma sanitaria.***
- ***O especial de cine «A Contracorriente Film Edition» está dispoñible de hoxe, 17 de abril, para todos os clientes con decodificadores 4K e no servizo de televisión online de R tvcomigo.***

Venres, 17 de abril de 2020.- R continúa aumentando a súa oferta de entretemento de hoxe o fogar, reforzando agora gratuitamente con 100 novos títulos de cine o seu catálogo de vídeo baixo demanda do servizo **rebobina**, grazas ao acordo alcanzado coa distribuidora cinematográfica de referencia no mercado español *A Contracorriente Films*.

O especial de cine «A Contracorriente Film Edition» incorpórase á proposta televisiva de R de forma automática para todos os seus clientes con decodificadores 4K, sen que estes teñan que facer nada. Un especial con 100 novos títulos de cine de todos os xéneros (drama, comedia, suspense...), moitos deles premiados nos festivais máis populares da sétima arte como os Óscar, que se incorpora hoxe, 17 de abril, cunha selección de 50 novas películas dispoñibles e que se irá ampliando nas próximas semanas.

Ademais, os clientes de R tamén poderán gozar desta gran variedade de títulos de cine en calquera lugar e en calquera momento co servizo de televisión *online tvcomigo*.

Unha ampla oferta de entretemento e servizo de televisión *online* para persoas hospitalizadas

Xunto a esta proposta, o operador galego lanzou no último mes algunhas medidas co obxectivo de axudar os seus clientes, como a incorporación á súa grella televisiva da canle *Surf Channel*, a emisión gratuíta de diversas canles de cine para toda a familia, e a apertura de canles infantís para todos os clientes de televisión, independentemente do paquete contratado.

R tamén abriu a TV total no seu servizo de televisión *online* **tvcomigo**, que conta con máis de 1.000 activacións nos primeiros 15 días dende a súa apertura para que, tanto clientes como non clientes que, lamentablemente, teñan que pasar estes días en centros hospitalarios, poidan acceder aos mellores contidos de televisión. Máis de 50 canles, miles de contidos baixo demanda e a posibilidade de facer gravacións para velos máis tarde.

Aumento do consumo televisivo

R continúa lanzando iniciativas de utilidade para diferentes colectivos que precisan estar conectados e gozar de propostas de lecer que lles axuden a soportar estes días de confinamento, e para as persoas que teñen que permanecer illadas no fogar por ter síntomas ou por ter contraído a enfermidade.

Todo isto, nun período en que o consumo de televisión aumentou de forma significativa. Neste sentido, **R** constatou que nestes momentos de alerta sanitaria o consumo medio diario é de 5,4 horas, ou sexa, un 45 % máis do habitual. Ademais, o tempo consumido na oferta de contidos en directo medrou nun 47 % (ata as 4,5 horas diarias) e a oferta de contidos á carta incrementouse un 32 % con respecto a febreiro. Pola súa banda, os consumos de contidos infantís en televisión aumentaron un 54 % e os de cine para toda a familia, un 55 %.

Como en anteriores comunicacións, tendo en conta que os patróns de uso destes días son superiores aos habituais, **R**, ao igual que o resto dos operadores, mantén as súas recomendacións para gozar dunha boa experiencia de servizo:

- Potenciar o uso da telefonía fixa para as chamadas de voz, pois estamos na casa.
- Usar a rede wifi fixa para acceder a Internet.
- Utilizar ferramentas colaborativas (*Skype, Teams, WhatsApp*, etc) tamén para as comunicacións de voz.
- Evitar o envío de ficheiros pesados e substituílos por enlaces.
- Descargar os ficheiros pesados nas «horas val» (as de pouco tráfico).
- Realizar audioconferencias en lugar de videoconferencias.

#EuQuedoNaCasa

comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal/euquedonacasa